

galicia

 XUNTA
DE GALICIA

Campamentos de verán para persoas con discapacidade 2013



XUNTA DE GALICIA

Campamentos · Quendas de integración



Tendas de campaña



Adaptados a cadeira de rodas

Instalación Xuvenil	Actividade	Datas	Idades	Importe	Prazas
Albergue Xuvenil Mariña Española Estrada Sada-Betanzos, Bergondo-A Coruña, Km 1,5. Tel. 981 620 118	A miña primeira aventura	1-8/07 11-18/07	9-10 9-10	113,00 € 113,00 €	3 3
Campamento Xuvenil Furelos-Melide 15809 Furelos – Melide. Tel: 981 507 412	En bicicleta pola natureza	17-28/07	16-18	207,00 €	3
Campamento Xuvenil Espiñeira Boiro-A Coruña. Tel. 981 845 260	Campamento de teatro	1-12/07 17-28/07	11-12 11-12	176,00 € 176,00 €	3 3
Campamento Xuvenil A Devesa A 11 Km. de Ribadeo pola C-642.	DevesAventura	17-28/07	13-14	176,00 €	3
Campamento Xuvenil Os Chacotes Palas de Rei-Lugo. Tel. 982 380 313	Multiaventura nos Chacotes	17-28/07	14-15	176,00 €	3
Campamento Xuvenil Pontemari. Forcarei Estrada N-541, Km 2. Forcarei-Pontevedra Tel. 986 775045	A miña primeira aventura	11-18/07	9-11	101,00 €	3
	Aventura na natureza	1-12/07 2-13/08	11-12 13-14	176,00 € 176,00 €	3 3

Campamentos · Quendas específicas

Instalación Xuvenil	Actividade	Datas	Idades	Importe	Prazas
Instalación Xuvenil. Albergue Xuvenil Gandarío Estrada Sada-Betanzos, Km.2. Bergondo-A Coruña Tel. 981 791 005	Obradoiros	1-10/08 11-20/08 21-30/08	18-40 11-18 18-40	124,00 € 124,00 € 124,00 €	30 30 30
Campamento Xuvenil Pontemari. Forcarei Estrada N-541, Km 2. Forcarei-Pontevedra Tel. 986 775045	Obradoiros	1-8/08 9-16/08	11-18 18-40	124,00 € 124,00 €	20 20

Persoas destinatarias

As que teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade e unha idade comprendida entre os 9 e os 40 anos, segundo se indica en cada unha das quendas.

Requisitos

- Vivir habitualmente no seu domicilio
- Non presentar trastornos que poidan alterar a convivencia durante o transcurso da actividade
- Presentar unhas capacidades que sexan compatibles coas actividades que se van desenvolver e coas características da instalación.
- Ter cumprida ao inicio da quenda a idade mínima establecida e non superar a máxima antes da súa finalización
- Ter unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades, no caso dos que solicitan prazas de integración.

Modelo de solicitudes e informe médico

As solicitudes formalizaranse nos impresos oficiais, terán que estar asinadas polos pais/nais ou titores/as das persoas con discapacidade e conter toda a información que se indica.

Ditos impresos están a disposición das persoas interesadas na páxina web http://benestar.xunta.es/web/porta/campamentos-veran, na que tamén se poderán consultar as características dos destinos que se ofertan.

Poderán obter mais información nos servizos de Dependencia e Autonomía Persoal e servizos de Xuventude e Voluntariado das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, nos servizos sociais comunitarios e nas oficinas de información xuvenil dos concellos.

Prazo e lugares de presentación de solicitudes

Ata o 15 de xuño incluído, tanto para as prazas de integración como para as específicas.

As solicitudes, acompañadas da documentación requirida, presentaranse por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e dirixiranse á: **Consellería de Traballo e Benestar.** Secretaría Xeral de Política Social. Servizo de Prevención da Dependencia Edificio administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela. FAX: 981 545 691 / Tel: 981 540 137.

Servizos ofertados

- Programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a interacción dos participantes
- Aloxamento en albergue xuvenil ou campamento, segundo o destino solicitado.
- Manutención en réxime de pensión completa.
- O material necesario para a actividade.
- Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural, actividades de tempo libre e atención de persoas con discapacidade.

- Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.

Custo da praza e bonificación

As persoas participantes deberán ingresar a cantidade que se establece para cada destino, nos termos que se lle indiquen ao notificarlle a concesión da praza. Dito importe pódese reducir nun 50% no caso de que a persoa con discapacidade teña a condición de familia numerosa e nun 25 % se ten o carné xove. No caso de acollerse a algunha destas dúas condicións terase que acompañar coa solicitude a copia do carné de familia numerosa ou do carné xove, segundo proceda. Estes descontos non serán acumulables en ningún caso.

Adxudicación e confirmación de asistencia

As prazas convocadas serán valoradas e adxudicadas por unha comisión composta por representantes da Secretaría Xeral de Política Social, dándoselle prioridade:

- As persoas que non participasen neste programa en anos anteriores.
- As persoas con autonomía persoal para as actividades da vida diaria, nas **quendas de integración**, e ás que teñan maior necesidade de apoio, nas **quendas específicas**.

Os/as participantes seleccionados/as deberán comunicar no prazo máximo de 15 días naturais, contados desde o seguinte á recepción da notificación e antes do inicio da quenda, a aceptación da praza e presentar o xustificante de pagamento do importe que se lle indique. Deberá xuntar ademais, copia do documento de afiliación á Seguridade Social ou seguro médico privado e un informe médico actualizado no caso de que houbera cambios significativos do seu estado de saúde ou se precisaran algunha atención especial non indicados no momento de formular a solicitude. Esta documentación remitirase á mesma unidade e de igual xeito que se fixo para a presentación da solicitude ou, no caso de ser citados con pouca antelación, levala en man o día da incorporación. Ningunha persoa se poderá incorporar á quenda concedida se non ten cumpridas as condicións indicadas nos dous apartados anteriores.

Comezo e remate da estadia:

A incorporación aos campamentos ou albergues será por conta da persoa interesada o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16.00 e as 19.00 horas. Non se admitirá ningún/ningunha persoa participante despois deste límite.

Ao remate da quenda ou no suposto de abandono da actividade será responsabilidade dos pais/nais ou titores/as legais a recollida e traslado para o regreso ao seu domicilio de referencia, así como os gastos que por tal causa se ocasionen.

Obrigas dos participantes:

- Incorporarse á actividade e regresar polos medios e nos prazos establecidos.
- Non abandonar a actividade sen o permiso da persoa responsable.
- Respectar as normas establecidas polos equipos de animación, as normas de réxime interior das respectivas instalacións e, en xeral, as establecidas pola lexislación vixente na materia.
- No caso de non adaptarse ás condicións que se requiren para o seu desenvolvemento, tanto das derivadas da actividade coma da actitude do participante para beneficiarse da actividade ou impedir que esta se poda levar a cabo co resto dos compoñentes do grupo, deberá abandonar a actividade.

Devolución de cotas:

Nas **quendas de integración**, neste apartado estarase ao disposto no artigo 13 da Orde do 21 de marzo de 2013 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán 2013 e se procede á súa convocatoria. (DOG. núm. 63 do martes, 2 de abril de 2013)

Para as **quendas específicas**, terase en conta:

1. Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade pagada polo menos dez días naturais antes do inicio da actividade, ou cando, por

causas non imputables á persoa interesada, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.

2. Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no punto anterior, polo menos dez días naturais antes do inicio da actividade, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude de devolución de cota.

Información:

Para información **xeral** pódese dirixir de forma gratuíta ao nº **900 333 666** do **Teléfono Social**.

Para información sobre a **xestión do programa, remisión de documentación, valoración de solicitudes e adxudicación de prazas** ao Servizo de Prevención da Dependencia da Secretaría xeral de Política Social, teléfonos 981 54 01 37 e 981 54 74 37.

Para información sobre as **instalacións** nas que se desenvolve o programa dirixirse directamente ás propias instalacións ou ao Servizo de Xuventude e Voluntariado da xefatura territorial da provincia na que está ubicada a instalación:

A Coruña

Avda. Salvador de Madariaga, 9-1º - 15008 A Coruña.
Telfs: 881 88 12 40 /881 88 12 41 /881 88 12 43 /881 88 12 44.

Lugo

Ronda da Muralla, 70, 27001 Lugo.
Teléfonos: 982 29 42 24 /982 29 42 51 /982 29 49 23.

Ourense

Avenida Habana, 81, baixo, 32004 Ourense.
Telfs: 988 38 61 20 /988 38 61 16 /988 38 61 15 /988 38 61 18.

Vigo

Rúa Concepción Arenal, 8, 1º andar, 36201 Vigo.
Teléfonos: 986 81 70 78 /986 81 77 81 /986 81 76 56

Para información sobre as **actividades** desenvolvidas en cada destino, no caso das prazas de integración serían as mesmas referencias do apartado anterior e para as prazas específicas tamén ás propias instalacións ou ao Servizo de Prevención da Dependencia da Secretaría xeral de Política Social.
Teléfonos: 981 54 01 37 e 981 54 74 37.